

***PROGRAMACIÓN
DE
ECONOMÍA
CURSO
2021/2022***

María Fírvida Fernández

Contenido

1.- INTRODUCCIÓN.....	3
2.2.- TEMPORALIZACIÓN	6
2.3.- PROGRAMACION DA MATERIA	7
3.- CONCRECIÓNS METODOLOXICA.....	20
3.1.- METODOLOXÍA.....	20
3.2.- TABOA DE VALORACIÓN POR CADA UNIDADE DIDACTICA	22
4.- MATERIAIS E RECURSOS.....	23
5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	23
6.- INDICADORES DO LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO	24
7.- ORGANIZACION DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DE MATERIAS PENDENTES.	25
8.- ORGANIZACION DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS .	25
9.- DESEÑO DE AVALIACION INICIAL	25
10.- MEDIDAS DE ATENCION A DIVERSIDADE	25
11.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS	26
12) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	26
13. MEDIDAS PARA ESTIMULAR O INTERESE E O HÁBITO DA LECTURA	27
14.- MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACION DA PROGRAMACION DIDACTICA.	27
15.- PROGRAMACION PARA ALUMNOS CON TDAH	28

1.- INTRODUCCIÓN

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas. A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social. Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo. O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguea das restantes ciencias sociais. A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día mais valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos, así como a súa contribución o sentido da iniciativa e espírito emprendedor. A asignatura de economía será impartida polo departamento de Educación Física do CPI Antonio Orza Couto de Boqueixón. Este departamento está composto por unha profesora.

A materia de Economía de 4º da ESO distribúese en seis bloques:

Bloque 1 "Ideas económicas básicas" recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica.

Bloque 2 "Economía e empresa" analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía.

Bloque 3 "Economía persoal" está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas.

Bloque 4 "Economía e ingresos e gastos do Estado" repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos.

Bloque 5 "Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego" repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego.

Bloque 6 "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

2.1.- OBXECTIVOS

2.1.1.- Obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria. (art.10, Dto. 86)

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas.

2.1.2.- Obxectivos particulares da materia de Economía de 4º da ESO

- Obx. EC. 1. Integrar o concepto de economía como ciencia da elección. Identificar os principais axentes económicos, a súa actuación e as relacións entre eles. Valorar criticamente el impacto de las acciones de los axentes económicos sobre el entorno.
- Obx. EC.2. Adquirir y empregar vocabulario económico con precisión y rigor, de modo que permita coñecer, valorar e interpretar la realidade económica y social que nos rodea.
- Obx. EC.3. Describir la importancia da empresa e o emprendemento no proceso de creación de riqueza dunha sociedade.
- Obx. EC.4. Identificar as consecuencias das actividades empresariais para a propia empresa, os seus traballadores e a sociedade no seu conxunto.
- Obx. EC.5. Coñecer, controlar y xestionar as variables de ingresos e gastos dun orzamento persoal e saber decidir con racionalidade entre distintas alternativas económicas da vida persoal e relacionalas co benestar propio social.
- Obx. EC.6. Analizar o papel do diñeiro no funcionamento da sociedade. Valorar o aforro como medio para alcanzar os logros persoais.
- Obx. EC.7. Explicar o papel do sector público, como garante do marco de actuación e como axente económico. Valorar criticamente os efectos da súa actuación ou ausencia d actuación respecto da igualdade e o benestar dunha sociedade.

Obx. EC.8. Diagnosticar los efectos de la inflación como elemento distorsionador das decisións que toman os axentes económicos na sociedade.

Obx. EC.9. Analizar las características principais do mercado de traballo, as políticas de emprego e valorar as oportunidades que presenta.

Obx. EC.10. Coñecer e valorar as ventaxas que supón o comercio internacional, así como os costes que implica no desenvolvemento de algúns países.

Obx. EC.11. Buscar, seleccionar, comprender y valorar noticias económicas procedentes de distintas fontes.

Obx. EC.12. Realizar tarefas en grupo e participar nos debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas económicos.

2.2.- TEMPORALIZACIÓN

UNIDADES DIDÁCTICAS POR SESIÓN:

UNIDADES DIDÁCTICAS	DESCRIPCIÓN	OBXECTIVOS	TEMPORALIZACIÓN
UD 1	A Economía. Ciencia útil		6-8 sesións 1º Trimestre
UD 2	Producción e Crecemento	EC1,EC2, EC11, EC12	6-8 sesións 1º Trimestre
UD 3	Mercados e Empresa		8-10 sesións 1º Trimestre
UD 4	A Empresa e o seu contexto	EC1,EC2, EC3, EC4 EC11, EC12	8-10 sesións 1º Trimestre
UD 5	Planificación Financeira		8-10 sesións 2º Trimestre
UD 6	Saude Financeira	EC2,EC5, EC6,EC11, EC12	8-10 sesións 2º Trimestre
UD 7	O diñeiro e as súas formas		6-8 sesións 2º Trimestre
UD 8	Producción e Prezos	EC2,EC6, EC7,EC8, EC11,EC12	6-8 sesións 2º Trimestre
UD 9	O mercado de traballo	EC9	8-10 sesións 3º Trimestre
UD 10	As contas do Estado	EC5	8-10 sesións 3º Trimestre
UD 11	O Comercio Internacional e a UE		8-10 sesións 3º Trimestre

UD 12	A Globalización e os Desequilibrios da Economía	EC2,EC10 EC11, EC12	4-6 sesións 3º Trimestre
-------	---	------------------------	--------------------------

2.3.- PROGRAMACION DA MATERIA

As competencias clave establecidas no decreto 86/2015, Resolución do 27/7/15, e recollidas na presente programación, desenvolveranse a través dos contidos das unidades didácticas do libro de texto de Economía de 4º da ESO.

2.3.1.- Contidos, Criterios de Avaliación, estándares de aprendizaxe

Economía. 4º de ESO				
Bloque 1. Ideas económicas básicas				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
A d f	B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.2. Principios na toma de decisións económicas. B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións	CCL CSC CAA CD
F h o	B1.4. O método na economía: modelos económicos.	B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso	ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	CCL

	B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.	dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	CAA CSC CD CMCCT
A f e	B1.6. Proceso produtivo e factores produtivos. B1.7. Sectores da actividade económica	B1.3. Analizar as características principais do proceso produtivo	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades	CMCCT CSC CD CSC

Economía. 4º de ESO

Bloque 2. Economía e empresa

Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
A b e m	B2.1. A empresa e o/a empresario/a. B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B2.3. Clases de empresas. B2.4. Formas xurídicas da empresa.	B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o	CMCCT CSIEE CAA CD

			<p>razoamento sobre clasificación das empresas.</p> <p>ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.</p>	CSIEE CSC
E f	B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.	B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CCL CD CMCCT
E f	B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. B2.9. Resultados da empresa.	B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	CD CMCCT
A e f	B2.10. Obrigas fiscais das empresas.	B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a	ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo	CD CMCCT

		importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	CSC
--	--	---	--	-----

Economía. 4º de ESO

Bloque 3. Economía persoal

Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
D e f	B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou	CAA CD CMCCT CAA CD CMCCT CAA CD

			<p>plan financeiro personalizado.</p> <p>ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.</p>	CMCCT
A d m	B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida	B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionadas co benestar propio e social.	ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	CAA CSIEE
A f	B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B3.5. Risco e diversificación	B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	<p>ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.</p> <p>ECB3.3.2. Analiza as</p>	CAA CSC CAA CSC

			<p>vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.</p>	
<p>A b e f g</p>	<p>B3.6. O diñeiro. B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidade dos/das consumidores/as no mercado financeiro.</p>	<p>B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.</p>	<p>ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.</p> <p>ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.</p>	<p>CCL CMCCT</p> <p>CCL CAA CD</p> <p>CAA CD</p>

			<p>ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.</p> <p>ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.</p>	<p>CCL CD CMCCT</p>
E f g	<p>B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.</p>	<p>B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade</p>	<p>ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.</p>	<p>CAA CCL CMCCT</p>

Economía. 4º de ESO

Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado

Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
	<p>B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado</p>	<p>B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das</p>	<p>ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos</p>	<p>CMCCT CSC</p>

		principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución	do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	CD CMCCT CSC CCL CSC
A e f	B4.2. A débeda pública e o déficit público.	B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	CCL CMCCT
A c d e f	B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.	B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. ECB4.3.2. Interpreta gráficos	CCL CMCCT CSC CAA CD CMCCT

			representativos da distribución da renda	
Economía. 4º de ESO				
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave
A c e f	B5.1. Tipos de xuro. B5.2. Inflación. B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.	B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	CCL CSC CCL CMCCT CSC CD
A c e f	B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. B5.6. Perspectivas da ocupación	B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego	ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. ECB5.2.3. Investiga e reconece vieiros e tendencias de emprego	CCL CMCCT CSC CD CSC CAA CD

Economía. 4º de ESO**Bloque 6. Economía internacional**

A e f m	<p>B6.1. Globalización económica.</p> <p>B6.2. Comercio internacional.</p> <p>B6.3. Integración económica e monetaria europea.</p> <p>B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.</p>	<p>B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente</p>	<p>ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.</p> <p>ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.</p> <p>ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.</p> <p>ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.</p>	<p>AA CSC</p> <p>CCL CSC</p> <p>CAA CD CSC</p> <p>CCL CD CSC</p> <p>CCL CD CSC</p> <p>CAA CSC</p>
------------------	--	--	--	---

			ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable	

2.3.2) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTANDAR

ESTANDAR AVAILABLE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTANDAR	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	UD
	BLOQUE 1		
ECB1.1.1	Comprender a escaseza de recursos como limitación na toma de decisións e valorar o coste da renuncia de outras alternativas.	Entender a gráfica da FPP e calcular os custes de oportunidade.	UD1
ECB1.1.2	Plantexamento das tres preguntas claves na economía ante a escaseza de recursos e os modelos económicos como resposta as preguntas.	Identificar os modelos definidos polas respostas os problemas básicos.	UD 2
ECB1.2.1	Distinguir entre macroeconomía e microeconomía	Diferencias as decisións nunha empresa hotelera e no sector do turismo.	
ECB1.2.2	Valorar a relación entre o que é e o que debe ser.	Diferencias entre como é a realidade económica e como debería ser.	
ECB1.2.3	Representar a gráfica e explicar a situación da máxima ocupación dos recursos	Representa a grafica da FPP	
ECB1.3.1	Entender a propiedade dos factores básicos de produción e a súa relación de intercambio entre familias e as empresas	Entender a importancia da propiedade dos recursos productivos e papel que xogan as familias no fluxo circular da renda.	
ECB1.3.2	Coñecer as posibilidades de intercambio entre as familias e as empresas.	Representar o fluxo de renda	

BLOQUE 2			
ECB2.1.1.	Diferenciar as opcións xurídicas para a constitución de empresas	Procedemento de constitución dunha empresa.	UD3
ECB2.1.2.	Valorar as ventaxas e inconvenientes dos distintos tipos de empresas para casos concretos	Cadro comparativo das características da cada empresa	
ECB2.1.3.	Identifica as dúas caras do mercado, oferta, demanda e comprende a lei que rixe o funcionamento.	Representar graficamente a relación de intercambio comercial entre consumidor e vendedor.	UD4
ECB2.2.1.	Identificar a financiación da empresa e o destino e aplicación da mesma.	Diferenciar entre recursos propios e alleos, tendo en conta o seu custe. Representación gráfica das curvas de costes	
ECB2.3.1	Elaboración dunha táboa de costes e ingresos para a determinación do beneficio		
ECB2.4.1.	Coñecemento dos impostos como obrigas fiscais para o financiar os servizos públicos	Exemplo de IRPF e de IS.	
ECB2.4.2	Importancia do IS na riqueza nacional	E consciente e coñece as principais obrigas fiscais e sociais da empresa	
BLOQUE 3			
ECB3.1.1.	Plan de tesorería persoal para trinta días	Elaborar a través dunha folla excell un orzamento persoal identificando os ingresos e os gastos.	UD5
ECB3.1.2.. ECB3.1.3	Realiza unha folla excell Gráfico dun plan de financiamento nunha folla excell	Coñece distintas ferramentas informáticas e matemáticas na elaboración dos orzamentos.	
ECB3.2.1.	Valorar a importancia da planificación financeira para a toma de decisións	Sabe analizar os datos gráficos e extraer conclusións.	
ECB3.3.1.	Importancia do aforro e o control do gasto	E consciente da necesidade de levar a cabo un control das finanzas, e de ter en conta o futuro nas decisións.	UD6
ECB3.3.2.	Valora as ventaxas e inconvenientes do endebedamento e o risco na toma de decisións	Coñece as distintas posibilidades de inversión diferenciando liquidez, risco e rendabilidade.	
ECB3.4.1.	Coñece das formulas matemáticas da capitalización bancaria.	Comprende a necesidade da avaliación das débedas para conseguir seguridade financeira.	UD7
ECB3.4.2.	Coñece do engano das preferentes como mostra da historia bancaria deste país.	Recoñece os distintos tipos de depósitos bancarios e as operacións bancarias habituais.	
ECB3.4.3.	Elementos de negociación cas entidades financeiras.		

ECB3.4.4.	Relación das tarxetas bancarias mais utilizadas.	Mostra interese na necesidade de leer os contratos financeiros antes de firmalos	
ECB3.5.1	Coñece as posibilidades de contratos de seguros que amparan o risco dos bancos	É consciente dos dereitos e obrigas dos clientes nas relacións cos bancos. Coñece do funcionamento dos distintos tipos de tarxetas bancarias. Relación dos seguros bancarios.	
BLOQUE 4.			
ECB4.1.1.	Influencia da inflación na economía.	Recoñecer a inflación como unha das principais variables macro.	UD8
ECB4.1.2.	Variación dos tipos de interese e a política monetaria.	Coñece o concepto de tipo de interese e a súa relación ca marcha da economía.	
ECB4.1.3.	Representar graficamente as variacións da inflación, do tipo de interese e do desemprego	Entende a relación entre as tres variables. Valora a relación entre emprego e formación.	
ECB4.2.1.	Causas do desemprego	Entende a importancia do Estado na oferta de oportunidades laborais.	
ECB4.2.2.	Políticas contra o desemprego.	Coñece dos cambios que estanse producindo no mercado laboral.	
ECB4.2.3	Tendencias do mercado laboral	Presentar exemplos de políticas sociais	
BLOQUE 5			
ECB5.1.1.	Coñecemento dos impostos e das taxas como ingresos do Estado e a súa distribución para os servizos públicos	Explica as diferentes partidas de ingreso e gasto do Estado	
ECB5.1.2.	Gastos e ingresos nos orzamentos públicos.	Analiza o orzamento do teu concello	
ECB5.1.3.	Análise da recadación de impostos nos diferentes momentos do ciclo económico	Presenta unha noticia sobre a variación dos ingresos públicos en función do ciclo económico	
ECB5.1.4.	Elaboración dun orzamento publico municipal por capítulos	Presentación dun orzamento municipal Gráfica da evolución do déficit e da débeda publica.	
ECB5.2.1.	A importancia do cumprimento da lei orzamentaria na elaboración dos orzamentos para evitar os desequilibrios.	Presentar exemplos de políticas sociais.	

ECB5.3.1	A desigualdade como obxectivo a correxir polo Estado a través dos orzamentos públicos	Entender a corresponsabilidade fiscal do territorio para a cohesión social.	
ECB5.3.2	Analizar graficamente a participación da Xunta nos ingresos do estado.	Escala comparativa de aportación de cada comunidade o PIB.	
ECB5.3.	Analiza a distribución da riqueza nacional por territorios		
BLOQUE 6.			
ECB6.1.1.	Importancia da interconexión na economía	Coñece os procesos de integración económica.	UD11
ECB6.1.2.	Entende a escaseza de recursos e a ventaxa relativa como xustificación do intercambio comercial.	Elabora un gráfico da FPP co criterio da ventaxa relativa de David Ricardo.	UD12
ECB6.1.3..	Os tratados de libre comercio	Coñece da evolución na integración da UE.	
ECB6.1.4.	Evolución da renda media española dende a entrada na UE. Analiza a evolución da agricultura no proceso de internacionalización a través das variables dos prezos e do comercio.	Valora o crecemento de benestar de España trala adhesión a UE.	
ECB6.1.5.	Analiza a evolución da agricultura no proceso de internacionalización a través das variables dos prezos e do comercio.	Coñece o comercio de proximidade e a súa situación fronte os centros comerciais	

3.- CONCRECIÓNS METODOLOXICA

3.1.- METODOLOXÍA

A asignatura de economía é unha materia nova e descoñecida para o alumnado. A diferenza de outras asignaturas da Educación Secundaria Obrigatoria, a economía non precisa coñecementos previos máis alá dos instrumentais das linguas e as matemáticas. É un feito a curiosidade dos alumnos cando valoran a posibilidade de matricularse en economía. A pregunta que todos fan é: ¿en que consiste esta materia?

Pois ben, esta pregunta corrobora a necesidade dunha metodoloxía moi persoalizada para que o alumnado poida identificarse axiña cos obxetivos e os contidos da programación sin provocar ningún rechazo os conceptos económicos.

Partirase da competencia inicial do alumno e indentificarase canto antes, por parte do profesor, a diversidade que poida haber entre os alumnos, respecto dos ritmos e capacidades de traballo de cada un deles.

As clases deberán ser moi participativas para o cal as explicacións de todas as unidades didácticas terán que apoiarse en feitos de actualidade. Utilizáranse recursos como

vídeos, blog da materia, artigos de periódicos, noticias sobre economía, debates, visitas de traballo, investigación simplificada, resolución de problemas simulados ou reais, a través da aula virtual do centro, dende principio de curso.

Cada UD terá unha serie de elementos a valorar para avaliar o grao de adquisición de competencias por parte do alumno.

Adaptación a nova normalidade

Estableceremos unhas previsións para as tres situacións posibles: ensino presencial, ensino semipresencial o ensino non presencial.

Actividade lectiva presencial. Nas primeiras sesións do curso traballaremos co alumnado a importancia e obrigatoriedade das medidas sanitarias e de hixiene para a saúde de todos e todas para concienciar ao alumnado da súa responsabilidade social ante o virus.

Actividade lectiva non presencial. En primeiro lugar e antes de que ocorra, teremos que traballar con todo o alumnado os recursos necesarios (aula virtual do centro, programas, apps) a través de dispositivos dixitais para garantir un uso autónomo dende a casa, como xa ben reflexado na metodoloxía empregada.

As estratexias didácticas de investigación tamén ocupan un lugar moi importante. A súa principal característica consiste en presentar ao alumnado unha serie de materias "primas" que este debe estruturar seguindo pautas de actividade máis ou menos precisas e abertas proporcionadas pola profesora. En definitiva, trátase de enfrontar ao alumnado con situacións máis ou menos problemáticas nas que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes, para adquirilos de forma consistente. As técnicas de ensino específicas ás que se pode traducir esta estratexia xeral son moi variadas: investigacións simplificadas, estudos de casos, , etc. Un caso particular dentro das estratexias de investigación está constituído por proxectos de investigación, é dicir, estudos ou postos de traballo, xeralmente de pequeno alcance, nos que estudantes homes e mulleres, individualmente ou en grupo, realizan unha investigación adecuada. Iledicia. Os proxectos de investigación cumpren unha importante función educativa difícil de conseguir por outros medios. Trátase, por unha banda, de acostumar aos alumnos a afrontar e resolver certos problemas con relativa autonomía

Actividade lectiva semipresencial. Temos que escoller para traballar de xeito presencial, prioritariamente actividades que requiran máis control e corrección por parte da profesora, así como algúns retos que podamos programar, e deixar actividades máis sinxelas, así como contidos máis puramente conceptuais, para traballar dende a casa.

De entre os diferentes tipos de actividades que poden propoñerse _

E ao marxen das específicas de avaliación-, nos resultan particularmente atractivas as seguintes:

- Actividades de "detección" de coñecementos previos. Parten de aquilo que o alumnado coñecen, e lle permiten establecer as oportunas relacións cos novos contidos de aprendizaxe.
- Actividades de afondamento e reforzo. Permiten atender as diferentes demandas de información e coñecemento ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Actividades de expansión. Son actividades que, ademais de poder utilizarse como consolidación ou como afondamento e reforzo, serven para "saber máis" e, sobre todo, para "saber mellor".
- Actividades de aplicación. A través deste tipo de actividades, o alumnado "poñen en práctica", organizan, integran ou utilizan os coñecementos adquiridos.
- Actividades de transferencia. Permiten "proxectar" o coñecemento a novas situacións.
- Actividades de síntese. Reúnen e integran varios contidos básicos.

A metodoloxía de avaliación farase sobre os seguintes elementos:

- A realización de tarefas (TI) e resolución de problemas así como a súa exposición oral (PO). Estas tarefas quedarán reflexadas no caderno de clase (CC) de cada alumno.
- A memorización comprensiva é un requisito básico para superar a asignatura.
- Os exames (PE) son só instrumentos para a avaliación dos estándares de aprendizaxe. Para cada UD farase una proba escrita (PE)
- Outros instrumento de valoración son: a capacidade de análise de documentos (RU), a elaboración de gráficos e taboas de datos (RU), ademais dos comentarios dos textos das noticias de prensa (RU) e a resolución de problemas e das cuestións das unidades didácticas (TI).
- O alumno deberá mostrar interese (OA) pola asignatura que será valorada tamén a través da súa actitude en clase, a capacidade de iniciativa e o traballo en grupo (TG), a forma de dirixirse o profesor para establecer cuestións de interese.
- Un elemento a valorar será a calidade na presentación dos traballos de clase.

3.2.- TABOA DE VALORACIÓN POR CADA UNIDADE DIDACTICA

Elementos avaliados	Ponderación	Calificación
Probas Escritas	7	
Tarefas de Clase	1	
Traballos/Lecturas	2	

4.- MATERIAIS E RECURSOS

Os materiais e recursos utilizados para impartir a materia de economía en 4º da ESO serán fotocopias e apuntes da profesora, o caderno de clase, vídeos e os documentos dos xornais que se entregaran nas clases según a unidade didáctica que estease explicando en cada momento.

Dentro da actividade de fomento da lectura inclúese nesta programación o traballo sobre o significado da globalización na economía e a súa incidencia no consumo. Este traballo farase a través da lectura do libro de José Luís Sampedro titulado “el mercado y la globalización”

5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación do curso de 4º da ESO farase polo sistema de avaliación continua, con tres sesións de avaliación dacordo co calendario elaborado pola dirección do centro.

En cada sesión avaliarase os resultados acadados o longo do trimestre e será o resultado das probas escrita (P.E.), do caderno de clase (C.C.) e traballos (T) no transcurso das clases. Estas probas evalúanse a través dos **instrumentos de avaliación** que fixan un límite no apartado de **Grao mínimo de consecución de cada estándar avaliable**. Este Grao Mínimo acredita o aprobado da materia e xustifica que o alumnado alcanza o contido mínimo avaliable das unidades didácticas da programación académica.

- a) Proba Escrita (P.E.) por Unidade Didáctica. Cada P.E. constará de preguntas curtas, longas ou tipo test, así como terá problemas que sumarán 10 puntos. O alumnado terá que conseguir un mínimo de 5 puntos sobre un total de 10 para aprobar as probas escritas. Será o 70 % da nota final de cada avaliación.
- b) As tarefas de clase recollidas no Caderno de Clase (C.C.) aportara un máximo de 1 punto a nota da avaliación. Será o 10 % da nota final de cada avaliación.
- c) En cada trimestre farase un traballo individual ou un pequeno control de lectura sobre obras propostas. Sumará como máximo 2 puntos. Será o 30 % da nota final de cada avaliación.

A cualificación final Ordinaria será de 1 a 10 puntos, considerándose positiva a puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Redondeo das puntuacións :

- No caso das puntuacións que teñan decimais, aplicarase o redondeo ao número enteiro máis próximo. Agás nas situacións nas que a actitude e o traballo do alumnado non sexan positivas, neste caso, farase un redondeo a baixa.
- No ensino non presencial, na aplicación do redondeo terase en conta que as actividades indicadas teñan un nivel de realización aceptable e entregadas nos prazos sinalados.

6.- INDICADORES DO LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO

INDICADORES DO LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
O nivel de dificultade foi adecuado as características do alumnado				
Consegiuse motivar ao alumnado				
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado				
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender os casos de TDAH				
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado				
Usáronse distintos instrumentos de avaliación				
Dáse un peso real á observación do traballo na aula				

INDICADORES DO LOGRO DA PRACTICA DOCENTE	1	2	3	4
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
Ofrécense a cada alummno/a as explicacións individualizadas que precisa				
Elabóranse actividades atendendo a diversidade				
Elabóranse probas de avaliación adaptadas as necesidades do alumnado				
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar				
Realízanse traballos de forma individual e en grupo				
Desarrollanse estratexias de animación á lectura				
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe				
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación				

7.- ORGANIZACION DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DE MATERIAS PENDENTES.

Para os alumnos con materias pendentes se elabora un plan de seguimento consistente na realización dunha serie de traballos no primeiro trimestre que acrediten o coñecemento dos contidos mínimos da materia pendente. Os traballos serán a realización de exercicios sobre os contidos básicos das unidades didácticas da materia pendente.

8.- ORGANIZACION DE PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS

O proceso de acreditación de coñecementos que seguirá esta programación é o seguinte:

- 1) Cada unidade didáctica ten un número de sesións establecidas no apartado de temporalización. Durante esas sesións a profesora explica os contidos das UD que vai alternando con cuestións e actividades recollidas nos apuntes o fotocopias. O remate das sesións de cada UD o alumnado fixa en grupo a data da P.E. e traballan sobre os exercicios da Unidade no C.C. que correxirá a profesora. Estes traballos devolvenselles antes da data da proba escrita cas correccións e anotacións personais a cada alumno.
- 2) Durante as sesións de clase a profesora ira valorando a actitude do alumnado, a través da súa participación en clase, das súas preguntas e propostas e das respostas a preguntas que faga a profesora. Tamén é avaliable o “saber estar” na aula.
- 3) A valoración que a profesora faga dos dous apartados anteriores respecto da actitude e da aptitude do alumnado, será a nota proposta na sesión de avaliación.

9.- DESEÑO DE AVALIACION INICIAL

Para a materia de economía de 4º da ESO, dado que é unha materia nova para o alumnado, o que supón unha base cero, abondaría con identificar con claridade problemas de aprendizaxe do alumnado a comienzos de curso e en segundo lugar, evaluar o seu nivel competencial de como interpretar textos, gráficos, realizar esquemas e resolver problemas formulados con contidos de economía. O resultado desta avaliación vai determinar o nivel inicial das explicacións do profesor e os contidos mínimos da programación para a primeira avaliación.

10.- MEDIDAS DE ATENCION A DIVERSIDADE

MEDIDAS ORDINARIAS	
ORGANIZATIVAS	CURRICULARES
Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro, ou da aula.	1) Adaptación metodolóxica para algún alumno como traballo colaborativo en aula.

a) tempos diferenciados, horarios específicos	grupo heteroxeneo, aprendizaxe por proxectos.
b) espazos diferenciados	2) adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación para algún alumno
c) materiais e recursos didácticos diferenciados desdoblamento de grupos	3) programa de reforzo para o alumno
reforzo educativo	4) programa específico repetidor da materia.

11.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais a ter en conta na asignatura de economía son os seguintes:
 CL: comprensión lectora. Fundamental si partimos da necesidade de manexar a linguaxe da economía para entender os acontecementos económicos.

EOE: expresión oral e escrita. Dentro dos estándares de aprendizaxe moi relacionados ca economía está a planificación e o control. Enténdese a necesidade de facer da presentación dos traballos un elemento esencial para o seu entendemento por terceiras persoas.

TIC: Tecnoloxía da información e da comunicación.

EMP: Emprendemento.

EC: Educación cívica

12) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A materia de economía é nova no curso de 4º da ESO e como tal, resultalles moi novedosa ao alumnado. Por elo resulta conveniente realizar unha serie de actividades extraescolares que lles permita visualizar a realidade que se lles presenta na aula. Unha primeira proposta de actividades sería a realización de unha visita a unha empresa do sector agrícola que lles permita coñecer o proceso produtivo e distributivo dos produtos a partir dos factores produtivos. Unha segunda actividade sería a visita a unha empresa do sector industrial no mesmo concello, Fabrica Santos, Cociña e Baños, S.L. ademáis e recoñecida a nivel internacional.

Unha terceira visita intentaríase a unha empresa de servizos do sector publico. Sería moi interesante poder visitar un hospital. Aquí recollese importantes conceptos económicos como orzamento público, tributación fiscal, prestación de servizos, beneficio social.

13. MEDIDAS PARA ESTIMULAR O INTERESE E O HÁBITO DA LECTURA

Para que o alumnado se esforze en mellorar a súa expresión oral dedícanse clases á lectura da prensa económica, expoñendo o alumno diante da clase un resumo dun artigo

que él mismo ha seleccionado, respondendo ao menos a unha cuestión proposta, primeiro polos seus compañeiros e despois polo profesor.

Entre las actividades del fomento de la lectura para o curso destacamos:

A lectura, comprensión e expresión do vocabulario e a terminoloxía da materia; lectura, comprensión e descripción dos enunciados dos problemas; elaboración de resúmenes e mapas conceptuais, lectura comprensiva de noticias, sucesos e informacións do medios de comunicación, comentarios orais e escritos de textos económicos, utilización da biblioteca e das novas TIC como fonte de información.

Lecturas recomendadas:

- MULTIMUCHAGLOBALIZACIÓN, de José Luís Sampredro. (está vinculado coas unidades didácticas que falan sobre o comercio internacional e a globalización dos mercados).
- ¿QUIÉN SE HA LLEVADO MI QUESO?, de Spencer Johnson. Lectura recomendada para (este bestseller axuda as persoas a afrontar o cambio no traball e na vida cotiá).
- LA CRISIS NINJA, Y OTROS MISTERIOS, de Leopoldo Abadía. Lectura recomendada (obra que describe as causas da crise económica que vivimos na actualidade e as posibles formas para saír dela).
- MUJERES ECONOMISTAS, Ecobook. Esta obra nos mostra as principais aportacións das mulleres á ciencia económica e a súa divulgación durante os séculos XIX e XX.
- OTROS MATERIALES DE INTERÉS, HEMEROTECA: Encontrarás revistas de contido económico así como edicións pasadas sobre periódicos e súa correspondente sección de economía.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACION DA PROGRAMACION DIDACTICA.

Despois de cada avaliación farase unha reunión de departamento para avaliar a aplicación da programación:

- a) Contido impartido dacordo co calendario establecido na programación.
- b) Estándares de aprendizaxe aplicados e mínimos conseguidos.
- c) Instrumentos de avaliación utilizados.
- d) Resposta da enquisa establecida no apartado “Indicadores do logro para avaliar o proceso de ensino”

A efectos dunha correcta avaliación da programación, o profesor da materia redactará un informe de recomendación para as modificacións oportunas na programación que corrixan as desviacións detectadas.

15.- PROGRAMACION PARA ALUMNOS CON TDAH

Estratexias expositivas. A memoria de traballo do alumnado con TDAH pode presentar algunhas dificultades: capacidade limitada, pola cantidade de información que pode reter simultaneamente, e escasa duración temporal na que se pode manter. Para compensar esta carencia, á hora de explicar, o profesorado debe ter en conta as seguintes estratexias:

Antes de empezar, ha de asegurarse de que atende. Manter o contacto visual e permanecer cerca. Focalizar a atención nos conceptos “clave”. Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas. Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación. Implicala ou implicalo, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas. Proporcionarlle un sistema de titoría dun compañeiro ou dunha compañeira que lle axude a revisar os puntos fundamentais da explicación. Situar ao alumno cerca do profesor, na primeira fila da aula.

Exames ou probas escritas. Para mellorar o éxito das probas escritas é necesario:

Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación. Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo. Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos. Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías). Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.

ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

6. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DESEÑADOS PARA O ENSINO NON PRESENCIAL.

Para que o noso alumnado en situación de ensino non presencial, aprenda, suxerimos a diversificación de instrumentos para avaliar, propostas, modalidades, niveis de logro ... Na avaliación sempre é importante ofrecer esta variedade de recursos. E agora, neste momento aínda máis.

Calquera das propostas de avaliación deben estar asociadas aos criterios de avaliación específicos, para que o alumnado o coñeza e centre a súa atención neles, e valorar a súa aprendizaxe.

O gran problema da avaliación na educación telemática é non ser capaz de ofrecer comentarios de calidade e efectivos durante todo o proceso. Se os criterios de avaliación son claros, podemos solucionar parcialmente este problema facendo posible que o alumnado se avalíe entre si. Este escenario (de ensino non presencial) é unha gran oportunidade para ensinar ao alumnado a autorregularse, organizarse e traballar de forma independente.

As propostas de avaliación que fagamos deben ser suficientemente abertas e variadas para que as adapte ás circunstancias do seu encerro. En resumo, deben ser 100% inclusivas.

É necesario informalos sobre o obxectivo da actividade proposta para que comprendan o que esperamos deles. A afirmación obxectiva, se está ben escrita, ofrece moitas pistas sobre como se avaliará. É moi importante ofrecer algúns criterios que sirvan de guía para saber se é correcta ou non.

Ademais, compartir as experiencias, sensacións e traballar de maneira colaborativa é fundamental para que a avaliación sexa significativa. As ferramentas de comunicación como foros, correo electrónico, chat, videoconferencia, sitios para compartir documentos e recursos, redes sociais, etc. axudarannos de maneira considerable nesta tarefa e a deseñar e implementar os medios máis efectivos de avaliación.

Unha das características básicas da programación é a flexibilidade. Se hai algunha competencia básica, un contido, un criterio de avaliación curricular que non vemos como ensinalo no ensino non presencial, o deixaremos para outro momento.

7. REVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA ADDENDA

A revisión de esta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.

Boqueixón a 21 de setembro de 2021
Profesora de Economía
María Fírvida Fernández